

**EXPTE: 7/2015 E.L. OBRA DE: "Pavimentación e impermeabilización da Praza de A Panadeira".**

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN**

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Vista a proposta do concelleiro de infraestruturas e obras de data 25 de febreiro de 2015, que a continuación se transcribe:

### **"ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN"**

*Á vista da proposta desta concellería de infraestruturas e obras de incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 20/02/2015, que de xeito literal di:*

*"Outorgada en data 28/ de agosto de 2014 a autorización pola secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, dado que o vial está parcialmente afectado pola Servidume de Protección de Costas, para a execución das obras de referencia; ratificada aúa vixenxa, posteriormente, en data 10 de febreiro de 2015, pola Xefa do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras en Pontevedra.*

*En en virtude do disposto na autorización referida, as obras unha vez iniciadas, deberán ficar rematadas no prazo de catro (4) meses.*

*Aprobado o proxecto técnico das obras de referencia, por Resolución da alcaldía de data 20 de febreiro de 2015, e asinada a correspondente Acta de replanteo na mesma data.*

*Retido o crédito orzamentario, preciso para executar as obras de referencia, na partida presupostaria 15320/61902 en data 04 de febreiro de 2014, de acordo ao documento "RC" que figura no expediente, con número de operación 577.*

*En base ao anterior, propono:*

***Primeiro:** Incoar expediente de contratación das obras de "Pavimentación e impermeabilización da Praza de A Panadeira", cun orzamento de execución por contrata de corenta e sete mil setecentos dezanove con setenta e seis (47.719,76) Euros e dun prazo de execución de tres (3) meses.*

***Segundo:** Solicitar á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) oferta respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria."""""""""*

*Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requerida á empresa "CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)", en data 24/02/2015 (entrada nº 1702), esta concellería propón:*

***Adxudicar a execución das obras de Pavimentación e impermeabilización da Praza de A Panadeira", á empresa "CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)", de acordo á oferta presentada, polo importe de CORENTA E SETE QUINIENTOS (47.500,00) Euros (IVE engadido), e unha duración de DOUS MESES E MEDIO (2,5). """""""""""""""""***

**Esta alcaldía, resolve:**

**Primeiro: Adxudicar as obras de "Pavimentación e impermeabilización da Praza de A Panadeira", á empresa "CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)",** de acordo á oferta presentada, polo importe de CORENTA E SETE QUINIENTOS (47.500,00) Euros (IVE engadido), e unha duración de DOUS MESES E MEDIO (2,5).

**Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 15320 / 61902 por un importe de 47.500,00 Euros (IVE engadido).**

**Terceiro: No prazo máximo de quince (15) días hábiles** a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Cuarto:** Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presencia do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a vinte e seis de febreiro de douce mil quince.  
A alcaldesa

Catalina González Bea

ante min, secretario xeral

Ángel Luis López Pita